



ANTE O 8 DE MARZO, DÍA DA MULLER TRABALLADORA,

**ANPE RESALTA A IMPORTANCIA DA EDUCACIÓN E DO LABOR
DOCENTE PARA CONSEGUIR A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES
ENTRE HOMES E MULLERES.**

Con motivo da celebración, o vindeiro 8 de marzo, do Día da Muller Traballadora- declarado como tal pola ONU en 1997 como homenaxe ás mulleres pioneiras na loita pola igualdade de dereitos- ANPE quere facer unha chamada de atención sobre **a importancia que ten a educación para a consecución da igualdade** de dereitos e oportunidades entre os homes e as mulleres.

Dende ANPE estamos convencidos de que a educación, o coñecemento e a cultura son as claves dos avances na igualdade efectiva entre homes e mulleres. A tarefa que leva a cabo o profesorado na aula é o maior impulsor destes aprendizaxes. Por elo, **unha vez máis facemos un chamamento á sociedade para que coñeza, valore e apoie o labor dos docentes.**

Felicítamos especialmente, ó enorme número de mestras e profesoras que representan dende fai anos ás mulleres incorporadas á vida laboral e que preparan para a mesma ás novas xeracións.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2010